

**PROGRAMACIÓN DOCENTE
COMUNICACIÓN CORPORAL
curso 2019-20**

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Corpo e voz en movemento
Código	
Curso	Primeiro
Créditos Totais	
Horas totais de traballo da/o estudante	
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	Segunda metade do 1º cuadrimestre
Lingua na que impartirá a materia (galego/castelán)	Galego

I.1. Profesora/Profesor:

Coordinador da materia:

Profesor/a	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Sabela Gago Menéndez	3	Mércores 20,30	Sala Emilia Pardo Bazán	Galega

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

Non son necesarios

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

A singularidade e importancia formativa do teatro está en que agrupa todos os recursos expresivos do ser humano. É completo pois coordina as catro ferramentas, que convencionalmente consideramos básicas para tal fin: lingüística, corporal, plástica e rítmico-musical. Cada un destes tipos de expresión teñen un lugar independente nos programas educativos. A dramatización ofrece a oportunidade de cultivalos, as veces de maneira

simultánea e outras veces de forma sucesiva , coa motivación que supón para o alumnado o seu carácter lúdico. Ofrece así unha linguaxe globalizadora, que non parcela artificialmente as manifestacións expresivas e ademais proporciona o mellor camiño para desenrolar a creatividade.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

- Comprender a importancia que teñen o corpo e a voz na comunicación
- Familiarizarse coa linguaxe teatral
- Experimentar dinámicas de movemento e improvisación
- Aprender a empregar ferramental teatrais na vida cotiá
- Conseguir o desbloqueo e a desinhibición necesarias para traballar en gran grupo
- Dotar aos alumnos e ás alumnas de recursos expresivos para a vida
- Explorar o corpo e a voz a partir do xogo dramático e a música
- Desenvolver a percepción do propio corpo a través dos sentidos

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Esperase dos alumnos : Que perciban o seu corpo e a súa voz como os seus máis importantes recursos expresivos e logren unha relación consciente entre ambos, para conseguir unha mellor comunicación consigo mesmos, cos demais e co mundo.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral						
Prácticas						
Viaxe de estudos	30	2			32	3
Probas de avaliación						
Total						

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDO

Programa práctico

Tema	Contidos	Duración
1	Consciencia Corporal/Corpo en Acción/Técnicas de comunicación non verbal	6
2	O corpo en relación (cos outros corpos/co espazo/cos obxectos/coa música)	7
3	Traballo vocal con texto (ritmo/curvatura/pausas/tonalidade/volume)	6

4	Creatividade Corporal e Vocal motivada a través da música e da relación cos outros	7
5	A Comunicación como obxectivo final do proceso expresivo	6

Viaxes de estudo (se as houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Asistencia a unha obra de teatro no Auditorio Municipal de Ourense	2

Bibliografía básica

“La expresión corporal” P.Stokoe. Ed Paidós

“El lenguaje del cuerpo” Julius Fast. Ed Kairós

Bibliografía complementaria

“22 escenas para la interpretación” Luis Dorrego. Ed Ñaque

“La expresión corporal” P.Stokoe e A.Schachter. Ed Paidós

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE**Clases:**

Clases prácticas onde a experimentación é a base da aprendizaxe.

Os xogos teatrais, a improvisación e as distintas técnicas de expresión representan os tres eixes de traballo que permitirán aos participantes establecer a conexión co propio corpo, co grupo e co espazo de traballo.

A profesora axudará a fortalecer a confianza nos compañeiros, a dar seguridade a cada persoa, a promover o respecto mutuo e descubrir as potencialidades e limitacións de cada participante.

O corpo e a voz serán os instrumentos de traballo para sentir, atravesar e explorar o entorno e poñerse en relación cos outros.

Este curso precisa da implicación de cada integrante para achegarse ás claves da linguaxe corporal e poder acceder á parte máis creativa da comunicación.

As sesións estarán divididas nunha parte de quecemento outra de xogo dramático ou improvisación e unha terceira onde se fará unha pequena reflexión sobre o traballado.

Viaxes de estudo (se procede)

Asistencia a algún espectáculo teatral no Auditorio Municipal de Ourense ; dependerá da Programación do mesmo.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

A avaliación será continua e terá como criterios a asistencia e implicación nas clases prácticas e a evolución persoal de cada participante no terreo da expresión.

IX.- OBSERVACIÓNS

Serán necesario para o desenvolvemento das clases, un espazo amplo e baleiro.

O alumnado deberá asistir con roupa cómoda para favorecer o movemento.